

**MESA SECTORIAL DO 16, 22 e 23 de marzo.  
Discusión sobre a Orde que desenvolve o Decreto 229/2011**

Santiago, 23 de marzo de 2021

Emendas, suxestións e consideracións á “ORDE QUE DESENVOLVE O DECRETO 229/2011 DE 07 DECEMBRO POLO QUE SE REGULA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO NOS CENTROS DOCENTES DA CA DE GALICIA NAS QUE SE IMPARTEN AS ENSINANZAS ESTABLECIDAS NA LOE(2/2006, DO 03 DE MAIO)”

Dende a FeSP-UGT, en primeiro lugar, **lamentamos a demora na elaboración e publicación desta Orde** que desenvolve un Decreto que data de decembro do 2011. Supón, polo tanto, case dez anos de ausencia dunha norma tan importante para o sistema educativo de Galicia.

De feito, esta Orde **detalla practicamente todos os aspectos que abranguen a atención á diversidade e clarifica as funcións** dos distintos profesionais que interveñen no proceso educativo, titores, PTs, ALs, orientadores e orientadoras, equipos directivos, auxiliares educativos, PAS, etc. Así como o papel das familias e axentes externos. Por isto mesmo, aínda que chega tarde, podemos considerala positiva para a calidade do ensino en Galicia.

Porén, **a calidade do ensino precisa tamén outras medidas como o aumento dos efectivos** de orientación, tanto en equipos de orientación específica como en departamentos nos centros de secundaria e nos de infantil e primaria, así como nos centros que imparten varias ensinanzas (BAC, FP,...). Outra medida necesaria é a **redución de ratio** que precisa o persoal de PT e AL, sobre todo naquelas unidades que escolarizan alumnado de NEE e NEAE. Polo tanto, non nos parece lóxico que en moitos artigos da presente orde se utilice o criterio de dispoñibilidade horaria do profesorado como condición en varias modalidades de atención á diversidade.

Seguindo na mesma liña, estes reforzos xunto coa **estabilidade do Departamento de Orientación** son esenciais para a continuidade pedagóxica, a prevención e a dinamización dos centros educativos. Por esa razón, **é preciso que se vexa reducida a temporalidade** nos postos anteriormente citados porque afecta á calidade da atención á diversidade. Tamén consideramos necesaria a dotación ós Departamentos de Orientación de probas de identificación axeitadas e actualizadas. As aportacións anuais non chegan para actualizalas debido o gran custe das mesmas. Os Equipos de Orientación Específico prestan algunhas pero non sempre é suficiente, xa que están

ocupadas. É imprescindible para a detección e a atención temperá.

Outro aspecto primordial que cómpre clarificar é o das **condicións de avaliación** para o alumnado con adaptacións curriculares individuais e significativas, de cara á **obtención do título de ensinanza obrigatoria**. Este proceso estaba dando lugar a interpretacións distintas e polo tanto a conflitos frecuentes porque desde algúns centros se entendía que non deben titular os alumnos e alumnas que non acaden as competencias xerais da ESO. No borrador da Orde parece que está claro que **o alumnado que supere os obxectivos previstos nas ACIs debe promocionar e no seu caso titular**.

Para rematar, gustaríanos puntualizar **aspectos de carácter máis administrativo**, pero que afectarán a utilidade da norma. En primeiro lugar, consideramos que o **título da Orde** debe incorporar a referencia á LOMLOE, aínda que se cita no parágrafo terceiro do preámbulo desta Orde. A Consellería tomou nota de que entendemos que, a continuación do actual título, debe figurar “coas modificacións da Lei 3/2020 DE 07 de decembro”. Ademais, esta Orde derroga varias ordes e así se establece na mesma, pero sería igual de necesario deixar sen efecto circulares como a 8/2009 de medidas de atención á diversidade na ESO, e incorporar todas as medidas de atención á diversidade desta etapa na Orde (exención da 2ª lingua estranxeira en 1º e 2º da ESO...) Resulta moi complicado para o profesorado estar comprobando as **derrogacións** tácitas ou explícitas e da lugar a problemas nos centros.

Desenvolvemos, a continuación, as consideracións particulares que a FeSP presentou na Mesa sobre o articulado da norma:

**Art. 9:** Pedimos que, atendendo ás últimas investigacións no eido da neurociencia, se elimine a cifra exacta de 130 de Coeficiente Intelectual para ser considerado alumnado de altas capacidades.

**Resposta:** Non procede eliminalo na elaboración desta Orde porque iría en contra do Decreto que é norma de rango superior.

**Art. 12.1:** Consideramos que a avaliación inicial é un factor preventivo para toda a atención á diversidade, polo tanto sobra dicir “especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo”. De feito, a prevención é igual de importante para un neno con discapacidade auditiva, por exemplo, que sería NEE.

**Resposta:** O uso do termo “especialmente” debe entenderse no sentido de que a condición de NEAE considérase como situación extraordinaria.

**Art. 14:** “Nos casos que proceda, a dita avaliación psicopedagóxica será realizada directamente polo equipo de orientación específico.” A que casos se refire concretamente? **Resposta:** refírese a casos moi concretos como o alumnado que ven do estranxeiro (do que moitas veces se descoñece o historial escolar) ou en casos conflictivos con expedientes, son casos solicitados pola XT e co informe de inspección.

**Art. 17.5:** Non se aclara se ten que pedir a autorización do pai/nai/titores legais para o intercambio de información cos recursos externos (Ex.: Sergas, servizos sociais...) para axilizar os trámites. **Non obtivemos resposta.**

**Art. 21.3:** “Nos casos en que a xefatura do departamento de orientación considere que procede adaptar o currículo de determinada área ou materia debe manifestalo no correspondente informe psicopedagóxico, sen que iso teña carácter vinculante para o equipo docente.” Se é o que o alumnado precisa, o equipo docente é quen decide se se aplica ou non? **Resposta:** Si, o equipo docente, e no último caso o titor/a, ten a decisión final.

**Art. 23:** Información ao alumn@ da avaliación psicopedagóxica. É verdadeiramente necesario? Se o DO non diagnostica, simplemente identifica e deriva; ata que punto informamos a un menor de idade sobre unha apreciación? **Resposta:** Informarase ao alumnado só nos casos de maioría de idade.

**Art. 26:** recóllense as modalidades de escolarización, e tal e como está redactado, parece que hai 5 modalidades, cando no Decreto 229/2011 (artigo 16) se establecen 3 modalidades. Compre aclarar isto. **Resposta:** Seguen sendo as mesmas modalidades, aquí só se fai un desglose.

**Art. 29.5:** Fálase de “unidades de educación especial cun máximo de 5 alumnos” Pensamos que se se pon un límite non se debería superar e tería que eliminarse o de “con carácter xeral”. **Non obtivemos resposta.**

**Art. 33.2:** “O profesorado titor das unidades de educación especial ou centro de educación especial será asignado pola dirección do centro docente, de entre o profesorado que imparte docencia na unidade.” Entendemos que un titor non elixirá curso por ser o máis antigo, senón porque así o establece a dirección, é así non? Deberían seguirse os criterios establecidos nos ROC. **Resposta:** É a dirección quen ten que asumir a responsabilidade de elixir o profesorado máis axeitado para grupo de alumno.

**Art. 46:** O punto 1 Recolle que o profesorado adaptará os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, e que terá “especial consideración para o ACNEAE” Que é a especial consideración? En todo caso pode vincularse co recollido nos diferentes protocolos de ACNEAE publicados pola Consellería de educación, ou co asesoramento do D.O. **Resposta:** Os protocolos son documentos diferentes da Orde. Actualizaranse despois da publicación desta orde.

**Art. 49.5:** Entendemos que a participación nun programa de enriquecemento debe reflectirse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado, polo que non ten cabida un “con carácter xeral”. **Resposta:** Non se eliminará.

**Art. 56.5:** fálase de agrupamentos flexibles de 10 alumnos en EP e 12 para a ESO. Parécenos unha ratio demasiado elevada. **Resposta:** non se modificará a ratio.

**Artigo 57.1:** Non se pode deixar ao profesorado de PT para atención a NEE e “excepcionalmente” a NEAE, abandónase aos titores con todo o alumnado NEAE para atender a esa diversidade con ratios de 25 alumnos/ as por aula. A publicación de protocolos non é suficiente para formar ao profesorado en atención á diversidade. Podemos entender que o PT/AL atenda prioritariamente ao alumnado con NEE, pero non “excepcionalmente” para o alumnado con NEAE. **Resposta:** a condición de NEAE considérase como medida extraordinaria por iso aparece o término de “especialmente”.

**Artigo 57.2:** Sería lóxico que o profesorado de PT e AL teña voz e voto nas sesións de avaliación, sobre todo cando o apoio é continuo e cun número de períodos elevado. **Non obtivemos resposta.**

**Artigo 62.3 e):** Equipos de atención virtual ao alumnado (AVA): cantos profesores hai nomeados, que criterios se seguiron para a súa selección, en que situación administrativa están, ata cando será o seu nomeamento. **Resposta:** Na Comisión provincial de absentismo valórase que alumnado debe quedar na casa (segundo os informes oportunos) e non pode ser atendido por profesorado do centro. Os nomeados para estes equipos teñen que ter determinadas competencias.

**Art. 68:** Non se establece un número mínimo de alumnos para os grupos de adquisición de linguas. Entendemos que se se trata de un alumno formarase igualmente un grupo de adquisición de lingua para ese neno ou nena. **Non obtivemos resposta.**

**Art. 79.3:** En canto ao recursos profesionais de persoal auxiliar coidador e persoal intérprete de lingua de signos. Nós cremos que esta orde ten que ir ó Comité Intercentros xa que se está a regular categorías laborais do ámbito do V Convenio Colectivo de Persoal Laboral da Xunta. **Resposta:** Díxose que compartían a nosa opinión e que se levará ó Comité Intercentro.

**Art. 80:** Non se fai referencia a dotación de Auxiliar Técnico Educativo (ATE) diferenciando do Coidador. Nalgúns casos é preciso como recurso o ATE, con outras funcións que non se recollen neste borrador.

Nalgúns centros educativos existe unha autorización para realizar medidas de contención e administración de medicación (CEE ou UEE). Non se contempla neste borrador.

Nós xa defendemos a creación da figura de ATE que vai máis alá da de auxiliar coidador. Pensamos que tamén se deben de incorporar outras figuras nos recursos profesionais como traballadores e educadores sociais pero insistimos en que non é o noso ámbito de traballo desta mesa. **Resposta:** A figura de ate dáse noutras comunidades pero en Galicia non.

**Entrada en vigor:** É moi importante clarificar se esta Orde de desenvolvemento do Decreto 229/2011 vai entrar en vigor antes da oposición de xuño. Pois a todo o colectivo de EP, principalmente a AL e PT xéralles cambios moi significativos. **Resposta:** Non se pode fixar unha data porque aínda faltan moitas revisións pero darase a coñecer na disposición derradeira.

A modo de conclusión, dende a FeSP, queremos terminar aportando algunhas conclusións sacadas dun informe publicado polo Consello Escolar de Galicia por medio do ICE da USC referido ao estado da atención á diversidade no ensino básico en Galicia no curso 2018/19, onde se poñen de manifesto as debilidades e fortalezas da situación da atención ao alumnado diverso. Salientan tres puntos fundamentais ós que esta Orde non vai dar resposta:

- A formación debería levarse a cabo en horas lectivas e no propio centro, a ser posible.
- A necesidade de incrementar os recursos persoais (sobre todo no caso de profesorado especialista) para poder atender a diversidade do alumnado.
- A falta de tempo para a coordinación nos horarios e na planificación temporal de cada profesional.

Pensamos que é importante ter en conta este tipo de estudos para solucionar os problemas actuais e reais que se detecten.